Aínda que non se indica expresamente no proxecto, o ámbito que se recategoriza a solo rústico de protección ordinaria inclúe o sistema xeral de zonas verdes SX-ZV-1, que rodea case totalmente as parcelas de equipamentos. Nesta área preséntanse diversos elementos de interese patrimonial e arqueolóxico.

2.4. Equipamento comunitario na parroquia de San Mamede de Ribadulla: trátase dunha parcela en que existen dúas edificacións, o cemiterio de San Gregorio e o centro multiusos e tanatorio de San Gregorio.

2.5. Equipamento comunitario na parroquia de San Pedro de Sarandón: trátase dunha parcela vacante de edificación, destinada polo PXOM á ampliación do cemiterio parroquial.

IV. Resolución.

Polo antedito, e de conformidade co artigo 85.5º a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, resolvo outorgar a aprobación definitiva á modificación puntual nº 1 do PXOM do Concello de Vedra.

De conformidade co disposto nos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas do PXOM.

Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Orde do 12 de febreiro de 2010 sobre a aprobación definitiva da modificación puntual número un do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Avión (Ourense).

O Concello de Avión remite o proxecto de modificación puntual nº 1, para a súa aprobación definitiva, conforme o artigo 85.5º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I. Antecedentes.

I.1. O Concello de Avión dispón de Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente pola Orde do 3 de setembro de 2007.

I.2. Con data do 21 de outubro de 2008, o director xeral de Urbanismo emitiu informe previo á aprobación inicial da modificación puntual nº 1, de conformidade co artigo 85.1º da LOUG.

I.3. Consta no expediente decisión da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, do 12 de novembro de 2008, que sinala a non necesidade de someter a modificación a avaliación ambiental estratéxica.

I.4. O Concello, na súa sesión plenaria do 21 de novembro de 2008, aprobou inicialmente a modificación, publicando o acordo no *Diario Oficial de Galicia* nº 21, do 30 de xaneiro de 2009 e nos xornais *La Región* e *La Voz de Galicia* o 3 de febreiro do mesmo ano, por un período de dous meses, sen que se presentasen alegacións, segundo consta no certificado do secretario do Concello de 1 de xuño de 2009.

I.5. O Pleno do Concello, na súa sesión do 12 de novembro de 2009, aprobou provisionalmente a modificación nº 1.

1.6. A Comisión Superior de Urbanismo, na súa sesión do 15 de decembro de 2009, acordou por unanimidade, para os efectos previstos no artigo 94.4º da LOUG, emitir informe favorable sobre a modificación nº 1 do PXOM de Avión.

II. Consideracións e fundamentación.

II.1. A modificación puntual ten por obxecto a permuta da localización dun equipamento e unha zona verde correspondentes á área de repartición AR-2.

II.2. O interese público da modificación puntual xustifícase pola necesidade de reinstalar o equipamento público de xeito que permita a ampliación do actual cemiterio e, ao mesmo tempo, que a zona verde sirva de barreira entre uso de cemiterio e a zona residencial estremeira.

II.3. Na modificación puntual propóñense novas delimitacións para a zona verde e para o equipamento, sen que se varíe a entidade superficial para tal fin prevista no vixente plan xeral, isto é, 1.701 m^2 para o espazo libre, e 746 m^2 para o equipamento.

Resolución.

Visto canto antecede,

RESOLVO:

Primeiro.-De acordo co disposto no artigo 85.5º a) da LOUG, aprobar definitivamente a modificación puntual nº 1 do PXOM do Concello de Avión (Ourense).

Segundo.-Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro.-De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente.

Cuarto.-Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 18 de febreiro de 2010 pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, durante o ano 2010.

Dando cumprimento ao disposto na Lei 6/2003 do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, procede establecer os prezos dos servizos prestados nos campamentos, albergues, residencias e demais instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, ata agora fixados pola Orde do 4 de febreiro de 2009 (DOG nº 36, do 20 de febreiro), así como establecer os prezos dos diferentes carnés dirixidos á xuventude que se expiden a través dos servizos de xuventude, casas da xuventude, oficinas TIVE e outras entidades colaboradoras.

A Lei 6/2003 dispón no seu artigo 51 que a contía destes se acordará por orde da consellería correspondente, logo do informe favorable da Consellería de Facenda. Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo 1º

1. Os prezos exixibles pola prestación de servizos e actividades en campamentos, albergues, residencias e demais instalacións de xuventude, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar, son os que se fixan no anexo I desta orde.

2. Os prezos relativos á expedición do Carné Xove, carnés de alberguista nas súas diferentes modalidades e carnés TIVE recóllense no anexo II.

3. Estes prezos enténdense, se é o caso, co IVE incluído. A xestión destes prezos privados farase de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 6/2003, do 9 de decembro.

Artigo 2º

1. Os prezos recollidos no anexo I desta orde serán expostos nos taboleiros de anuncios de cada centro en función do tipo de instalación e do uso ou non da enerxía eléctrica.

2. Os grupos que usen unha instalación xuvenil terán preferencia para o uso de todas as súas dependencias. Non aboarán suplemento polo uso das pistas polideportivas descubertas, pero terán a obriga de aboar as tarifas establecidas no anexo I desta orde pola utilización dos polideportivos cubertos ou calquera material dos que alí figuran.

3. Calquera material, incluído nesta orde, que sexa usado polos grupos devolverase no mesmo estado en que lles foi cedido e reporase ao mesmo lugar en que se atopaba. Así mesmo, serán responsables tanto das deterioracións que se causen no material coma da responsabilidade civil en que puidesen incorrer por posibles danos a terceiros.

Para o emprego do material, que pola súa especificidade así o exixa, os grupos deberán contar con persoal especializado e coas titulacións necesarias para a súa utilización.

Os grupos deberán presentar, no momento en que vaian facer uso do material que pola súa especialidade así o requira, tanto o seguro que cubra a realización da actividade coma a acreditación das titulacións referidas no parágrafo anterior.

Artigo 3º

Os membros de familia que teñan o título de familia numerosa terán un desconto do 50% sobre os prezos relativos ás actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no programa Campaña de Verán.

Para estes efectos, o beneficiario do desconto deberá presentar, xunto coa documentación que proceda en cada caso, unha fotocopia compulsada do título de familia numerosa onde figure.

Artigo 4º

Os usuarios do Carné Xove gozarán, en todas as actividades promovidas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dun desconto como mínimo do 10% e como máximo do 50%. A porcentaxe de desconto aplicable en cada caso especificarase no folleto informativo de cada un dos programas e actividades que se leven a cabo.